

**INSTITUTO GALEGO
DE PROMOCIÓN ECONÓMICA**

Resolución do 7 de novembro de 2001 pola que se fai público o contido do convenio de colaboración entre a Consellería de Sanidade e Servicos Sociais, a Consellería de Economía e Facenda e o Instituto Galego de Promoción Económica para a posta en marcha na Comunidade Autónoma de Galicia de centros residenciais para maiores asistidos de iniciativa privada.

Con data do 17 de outubro de 2001 a Consellería de Sanidade e Servicos Sociais, a Consellería de

Economía e Facenda e o Igape asinaron un convenio de colaboración para apoiar a posta en marcha na Comunidade Autónoma de Galicia de centros residenciais para maiores asistidos de iniciativa privada.

Polo que antecede, en virtude das facultades que teño conferidas mediante o artigo 12 a) da Lei 5/1992, do 10 de xuño, de creación do Instituto Galego de Promoción Económica e do artigo 11.1º a) do Decreto 317/1992, do 12 de novembro, polo que se aproba o regulamento do Igape,

RESOLVO:

Facer público o texto do convenio de colaboración entre a Consellería de Sanidade e Servizos Sociais, a Consellería de Economía e Facenda e o Igape para apoiar a posta en marcha na Comunidade Autónoma de Galicia de centros residenciais para maiores asistidos de iniciativa privada, que figura como anexo I a esta resolución.

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2001.

Margarita Rodríguez Rama
Directora xeral do Instituto Galego
de Promoción Económica

ANEXO I

Convenio de colaboración entre a Consellería de Sanidade e Servizos Sociais, a Consellería de Economía e Facenda e o Igape para apoiar a posta en marcha na Comunidade Autónoma de Galicia de centros residenciais para maiores asistidos de iniciativa privada:

En Santiago de Compostela, 17 de outubro de 2001.

Reunidos:

Dunha banda, José María Hernández Cochón, conselleiro de Sanidade e Servizos Sociais, actuando ó abeiro das facultades que lle concede o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente.

Doutra banda, Xosé Antón Orza Fernández, conselleiro de Economía e Facenda e presidente do Instituto Galego de Promoción Económica, actuando ó abeiro das facultades que lle concede o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente e o artigo 11 da Lei 5/1992, de creación do Instituto Galego de Promoción Económica,

Expoñen:

Primeiro.-Que as administracións públicas poden asinar convenios de colaboración con outras entidades públicas, segundo dispón o artigo 3.1º c) do texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas, aprobado por Real decreto lexislativo 2/2000, do 16 de xuño.

Segundo.-Que o Estatuto de autonomía de Galicia no seu artigo 33, lle atribúe á Comunidade Autónoma a competencia para o desenvolvemento lexislativo e execución da lexislación do Estado no ámbito da sanidade e os servizos sociais.

Terceiro.-Que o Igape é o instrumento básico de acción da Xunta de Galicia para impulsar o desenvolvemento competitivo do sistema productivo galego, planeando e executando as actuacións do Goberno autónomo para o apoio ós investimentos considerados estratéxicos no ámbito de Galicia. Neste sentido as bases reguladoras das axudas do Igape para proxectos empresariais de investimento (base 4.2, publicada no DOG nº 142, do 23 de xullo de 2001) contemplan a posibilidade para o Instituto de establecer convenios individual ou conxuntamente cos distintos departamentos da Xunta de Galicia e outras institucións públicas co fin de implementar liñas de apoio sectoriais ou de proxectos que teñan a consideración de estratéxicos.

Cuarto.-Que desde a Administración galega considérase prioritario impulsar a iniciativa privada no ámbito dos servizos á terceira idade.

Na súa virtude, e dada a existencia dun interese coincidente, as partes formalizan o presente convenio de acordo coas seguintes cláusulas:

Primeira.-O presente convenio ten por obxecto establecer as condicións de colaboración entre as consellerías de Economía e Facenda, Sanidade e Servizos Sociais e o Igape para incentivar os investimentos en infraestruturas dedicadas a centros residenciais para maiores asistidos.

Segunda.-No período 2001-2006, poderanse beneficiar das axudas establecidas neste convenio, ata 20 proxectos de centros residenciais para maiores asistidos, promovidos pola iniciativa privada, que se instalarán no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo co mapa de prioridades establecido pola Dirección Xeral de Servizos Sociais.

Terceira.-Con cargo a esta liña de axudas, o Igape poderá conceder subvencións a fondo perdido do 10% do investimento considerado subvencionable, que terá o límite de 900 millóns por proxecto, ós promovidos por empresas privadas prestadoras de servizos sociais destinados á creación e posta en marcha de centros residenciais para maiores asistidos que acrediten a súa viabilidade económica e cumpran as seguintes condicións:

a) Sexan promovidos por sociedades con obxecto empresarial que:

-Teñan por actividade a xestión de centros residenciais para maiores asistidos e proxecten a radicación con carácter permanente dalgún centro en Galicia.

-Acheguen para o proxecto de investimento un autofinanciamento de alomenos o 30% do seu importe, que non poderá ser obxecto de ningunha axuda.

b) Se incardinan no Plan Galego de Persoas Maiores 2001-2006 aprobado pola Consellería de Sanidade e Servizos Sociais, e así o acrediten mediante informe da dita consellería que se pronunciará sobre a oportunidade desde o punto de vista social de atender-la iniciativa proposta polo solicitante.

c) O centro teña unha capacidade como mínimo de 150 prazas residenciais e un número de cuartos maioritariamente individuais dotados dun servizo hixiénico propio.

d) O proxecto debe ser compatible coa creación dun servizo de atención diúrna/ centro de día para maiores.

e) A concepción arquitectónica deberá contribuír a: potencia-la autonomía física, respecta-la privacidade, acada-la seguridade psíquica, atender a criterios de concepción socio-recreativa do centro e facilita-lo labor do persoal polo que atinxe ó desenvolvemento das súas funcións.

Cuarta.

1. Os conceptos subvencionables, a presentación das solicitudes e tramitación dos expedientes, recursos, obrigas dos beneficiarios, incidencias no proxecto, xustificación, aboamento das subvencións, incumprimento, incompatibilidades, control das axudas, restricións ó dereito ó acceso a arquivos e rexistros e sentido do silencio administrativo seguirán a regulación establecida nas bases 5ª e da 7ª a 23ª reguladoras das axudas do Igape para proxectos empresariais de investimento (DOG nº 142, do 23 de xullo).

2. Con carácter previo á súa resolución, o Igape solicitará o informe da Consellería de Sanidade e Servizos Sociais respecto á localización e as características asistenciais do proxecto proposto, que deberá ser favorable para a concesión da axuda.

Quinta.-As solicitudes de axuda que se establecen nesta cláusula deberán presentarse no Igape de acordo co modelo establecido no anexo I e coa documentación que se especifica no anexo II deste convenio.

Sexta.-A contribución do Igape elevarase ata un máximo de 1.800 millóns de pesetas, que será financiado con cargo a aplicación orzamentaria 02.01.01.03.09.656700, nos seguintes exercicios:

Ano 2001: 450 millóns de pesetas.

Ano 2002: 450 millóns de pesetas.

Ano 2003: 450 millóns de pesetas.

Ano 2004: 450 millóns de pesetas.

No caso dos expedientes que non puideran ser resoltos favorablemente por falta de crédito e unha vez habilitado no exercicio seguinte, os solicitantes poderán reitera-la súa solicitude, computándose a

data da primeira solicitude para os efectos de realización das actuacións subvencionables.

Sétima.

1. Unha vez que os centros residenciais subvencionados obteñan o permiso de inicio de actividades, a Consellería de Sanidade e Servizos Sociais comprométese a subscribir cos seus titulares convenios de reserva e ocupación de prazas, de tipoloxía asistida, de aproximadamente un 40% da capacidade asistencial de cada residencia, coa finalidade de incrementa-la cobertura da rede asistencial pública.

A colaboración terá unha vixencia aproximada de trinta anos e un prezo estimado de 6.000 pesetas praza/día (impostos incluídos), revisable anualmente segundo as variacións que experimente o IPC galego.

2. Estes concertos financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 11.03.212B.228, nos seguintes exercicios:

Ano 2003: 756.000.000 de pesetas.

Ano 2004: 1.260.000.000 de pesetas.

Ano 2005: 1.764.000.000 de pesetas.

Ano 2006: 2.016.000.000 de pesetas.

Oitava.-Para os efectos de velar polo cumprimento do estipulado neste convenio, créase unha comisión de seguimento que estará composta polo director xeral de orzamentos en representación da Consellería de Economía e Facenda, o director xeral de Servizos Sociais en representación da Consellería de Sanidade e Servizos Sociais, e a directora xeral do Instituto Galego de Promoción Económica. Esta comisión, que se reunirá a petición de calquera das partes, será o mecanismo de actuación conxunta para garanti-la efectividade do convenio.

Novena.-A vixencia deste convenio estenderase desde o día seguinte ó da súa sinatura e ata o 31 de decembro de 2006.

Décima.-Serán causas de resolución do convenio, o mutuo acordo das partes e o incumprimento das cláusulas contidas nel.

Décimo primeira.-Este convenio ten a natureza dos previstos no artigo 3.1º c) do texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2000, do 16 de xuño, e o seu réxime xurídico virá determinado polas estipulacións previstas no propio convenio e polos principios xerais resultantes da citada lei.

E en proba de conformidade e para a debida constancia do pactado, asinan o presente convenio, por triplicado exemplar, e en tódalas follas, no lugar e data do principio indicados.

Pola Consellería de Economía e Facenda e do Instituto Galego de Promoción Económica, Asdo.: José Antonio Orza Fernández.

Pola Consellería de Sanidade e Servizos Sociais, Asdo.: José Mª Hernández Cochón.

ANEXO I


CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA


PROCEDEMENTO AXUDAS FINANCEIRAS A CENTROS RESIDENCIAIS PARA MAIORES ASISTIDOS	CODIGO DO PROCEDEMENTO EC610A	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	---	--------------------------------

DATOS DO SOLICITANTE

ENTIDADE		DATA DE CONSTITUCIÓN	NIF
ACTIVIDADE		CODIGO CNAE	CADRO DE PERSOAL TOTAL
NOME E APELIDOS DO REPRESENTANTE LEGAL			DNI
DOMICILIO POSTAL DA ENTIDADE			COD. POSTAL
LOCALIDADE	PROVINCIA	TELEFONO	FAX

SOLICITUDE PARA

Apoios financeiros sobre o investimento e gastos de implantación de centros residenciais para maiores asistidos.

LEXISLACION APLICABLE <i>Resolución do 7 de novembro de 2001 pola que se fai público o onvenio de colaboración entre a Consellería de Sanidade e Servizos Sociais, a Consellería de Economía e Facenda e o Instituto Galego de Promoción Económica para a posta en marcha na Comunidade Autónoma de Galicia de centros residenciais para maiores asistidos de iniciativa privada.</i>
En _____, ____ de _____ de _____ SINATURA E SELO
D/D*: _____ O REPRESENTANTE LEGAL

ESPACIO RESERVADO PARA A ADMINISTRACIÓN

SELO DE REXISTRO DE ENTRADA
Nº EXPEDIENTE _____

Directora xeral do Igape

Os datos recollidos nesta instancia, pasarán a formar parte dos ficheiros automatizados do Igape. A empresa ou entidade solicitante autoriza expresamente o Igape, de acordo co establecido no artigo 11 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, a cede-los datos de carácter persoal incluídos na súa solicitude a aquelas entidades coas que o Instituto colabore para os efectos de tramita-lo correspondente expediente administrativo. Poderanse exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación ou oposición ante a Dirección Xeral do Igape. Complexo Administrativo de San Lázaro, s/n, 15703 Santiago de Compostela.

ANEXO II

APOIOS FINANCEIROS SOBRE O INVESTIMENTO E GASTOS DE IMPLANTACIÓN DE CENTROS RESIDENCIAIS PARA MAIORES ASISTIDOS

Para cada solicitude deberá xunta -la seguinte documentación que se presentará en orixinal ou copia cotexada

- 1.- INSTANCIA DA SOLICITUDE ASINADA E DEBIDAMENTE CUBERTA, SEGUNDO MODELO ESTABLECIDO NO ANEXO I.
- 2.- SOCIEDADES CONSTITUÍDAS:
 - 2.1.- CIF.
 - 2.2.- DNI DO ASINANTE DA SOLICITUDE.
 - 2.3.- ESCRITURA DE CONSTITUCIÓN E DOS ESTATUTOS DEBIDAMENTE INSCRITOS NO REXISTRO COMPETENTE E MODIFICACIÓN POSTERIORES DESTES.
 - 2.4.- PODER DO REPRESENTANTE QUE PRESENTA A SOLICITUDE, INSCRITO, SE É O CASO, NO REXISTRO COMPETENTE.
 - 2.5.- IMPOSTO DE SOCIEDADES DOS TRES ÚLTIMOS EXERCICIOS, DILIXENCIADO NA AXENCIA TRIBUTARIA.
 - 2.6.- ÚLTIMO RECIBO PAGADO POLO IMPOSTO DE ACTIVIDADES ECONÓMICAS. EN CASO DE EMPRESAS DE NOVA CREACIÓN, DEBERÁN XUNTA -LA ALTA NO IAE OU DECLARACIÓN RESPONSABLE QUE INCLÚA O COMPROMISO DE DARSE DE ALTA NO IAE INDICANDO O EPÍGRAFE CORRESPONDENTE, ASÍ COMO DE REMITI-LO DOCUMENTO DE ALTA ANTES DE ENVIAR Ó IGAPE A SOLICITUDE DE COBRO OU BEN ACOMPAÑANDO A ESTA. SEGUNDO O MODELO I QUE FIGURA NESTE ANEXO II.
- 3.- DECLARACIÓN EXPRESA DOUTRAS AXUDAS SOLICITADAS PARA O MESMO PROXECTO. SEGUNDO O MODELO II ESTABLECIDO NESTE ANEXO II.
- 4.- CERTIFICADO DO CUMPRIMENTO COAS OBRIGAS FISCAIS.
- 5.- CERTIFICADO DO CUMPRIMENTO COA SEGURIDADE SOCIAL.
- 6.- CERTIFICADO DE NON TER CONTRAÍDA DÉBIDA NINGUNHA, POR NINGÚN CONCEPTO, COA XUNTA DE GALICIA.
- 7.- EN CASO DE SOCIEDADES EN CONSTITUCIÓN:
 - 7.1.- DNI DO PROMOTOR/ES.
 - 7.2.- CERTIFICADO DO REXISTRO XERAL DE SOCIEDADES MERCANTÍS DA DIRECCIÓN XERAL DOS REXISTROS E DO NOTARIADO DO MINISTERIO DE XUSTIZA, OU DO REXISTRO COMPETENTE, DE NON FIGURAR INSCRITA A FUTURA DENOMINACIÓN SOCIAL DA ENTIDADE QUE SE VAI CONSTITUÍR.
 - 7.3.- PROXECTO DE ESTATUTOS DA SOCIEDADE.
- 8.- ACREDITACIÓN DE EMPREGO:
 - 8.1.- FOTOCOPIA DOS TC1 E TC2 DOS DOCE MESES ANTERIORES Á DATA DE PRESENTACIÓN DA SOLICITUDE DE AXUDA DE TÓDOLOS CENTROS DE TRABALLO DA EMPRESA EN GALICIA.
 - 8.2.- CERTIFICADO DA TESOURERÍA XERAL DA SEGURIDADE SOCIAL DE AFILIADOS ADSCRITOS ÁS CONTAS DE COTIZACIÓN DA EMPRESA POR TIPOS DE CONTRATO, E DE TÓDOLOS CENTROS DE TRABALLO DA EMPRESA, NA DATA DE SOLICITUDE DA AXUDA.
- 9.- MEMORIA DESCRITIVA DO INVESTIMENTO PROXECTADA SEGUNDO O MODELO NORMALIZADO ESTABLECIDO POLO IGAPE, QUE INCLÚA:
 - 9.1.- RESUMO DE DATOS BÁSICOS.
 - 9.2.- MEMORIA DESCRITIVA DO PROXECTO.
 - 9.3.- MEMORIA-ORZAMENTO DOS INVESTIMENTOS EN ACTIVOS FIXOS.
 - 9.4.- MEMORIA ECONÓMICA.
 - 9.5.- MEMORIA FINANCEIRA.
 - 9.6.- MEMORIA COMERCIAL.
 - 9.7.- PLANOS.
 - 9.8.- DECLARACIÓN DE INVESTIMENTOS.
- 10.- DECLARACIÓN OU BORRADORES NEGOCIADOS DE PÓLIZAS DAS OPERACIÓNS FINANCEIRAS DESTINADAS A FINANCIAR O PROXECTO INVESTIDOR, INCLUÍDO CADRO DE AMORTIZACIÓNS.

- 2.- ESCRITO RAZOADO QUE XUSTIFIQUE A NON PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN E ACREDITACIÓN DE SOLICITUDE DA MESMA.

ANEXO II

MODELO 1
PARA SOCIEDADES EN CONSTITUCIÓN
COMPROMISO ALTA IAE

D/Dª _____, con NIF nº _____ [cubrir só no caso de persoas
xurídicas en calidade de _____, en nome e representación da entidade
_____ con CIF nº _____] e domicilio para efectos de notificación en
_____ en cumprimento do disposto nas bases reguladoras das axudas
obxecto desta solicitude

FAI CONSTAR,

O compromiso de dar de alta ó titular da solicitude no epígrafe _____ do IAE, correspondente á actividade
de " _____", unha vez iniciada a dita actividade, e de remitir unha
copia da dita alta a este instituto no máis breve prazo desde que esta se produza, sempre antes de enviarlle
ó Igaape a solicitude de cobro ou ben xunto con esta.

En _____ o _____ de _____ de 2001

O/A (o que proceda segundo o cargo ou representación)

Asdo.: _____

ANEXO II

MODELO 2

DECLARACIÓN EXPRESA DOUTRAS AXUDAS, DO CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS FISCAIS, E DE
ESTAR Ó DÍA NAS OBRIGAS COA SEGURIDADE SOCIAL E COA COMUNIDADE AUTÓNOMA GALEGA

D/Dª _____ con DNI nº _____ en nome e
representación da entidade _____ con NIF/CIF nº _____

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

Que, para a actuación denominada _____ esta entidade
solicitou e/ou obtivo as axudas que se relacionan a continuación:

	Organismo e ano	Importe (pesetas/euros)	Disposición reguladora
Axudas concedidas			
Axudas solicitadas			

Así mesmo, a entidade comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite ou obtenga para a mesma
actuación doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, a partir
da data da presente declaración.

Por outra parte, a empresa solicitou e/ou obtivo nos últimos 3 anos axudas en réxime de mínimos segundo o seguinte
cadro:

	Organismo e ano	Importe (pesetas/euros)	Disposición reguladora
Axudas en réxime de mínimos			

e

DECLARA EXPRESAMENTE:

Que a entidade indicada:

- Está ó día das súas obrigas fiscais.
- Está ó día das súas obrigas no pagamento das cotas da Seguridade Social.
- Non ten contraída débeda ningunha coa Comunidade Autónoma galega.

E para que así conste ante o Instituto Galego de Promoción Económica, asina a presente declaración no lugar e data
abaixo indicados.

En _____ o _____ de _____ de _____

(Sinatura e selo da entidade)